

Emilio Martín Serna

LAZA -VERÍN

Chámase **peliqueiro** ou **cigarrón** a máscara característica do entroido de Laza e de Verín.

A máscara vai coa cabeza cuberta con carauta de madeira pintada de cores rechamantes, que se prolonga nunha especie de mitra de metal cun motivo zodíaco (león, lobo, touro). Detrás leva unha pelica de can, noutro tempo de gato montés, raposo ou lobo. Desta pelica venlle o nome de peliqueiro, que se lle dá en Laza.

Viste chaquetilla breve con alamares e galóns sobrecargados, e sobre ela un pano, que ten que ser novo e regalo da noiva; calzón corto con flocos sobrepostos e borlas multicolores; medias que a noiva levará ao altar o día da voda e na man un látego -zamarra ou zarrapo- formado por un hastil de madeira do que pende unha correa de coiro de boi. No cinto unhas grandes chocas que fará sonar na carreira ou movendo as cadeiras.

Case sempre saen en grupo, percorrendo as rúas da vila. Van en ringleira. Corren e choutan sen parar e non poden destapar a cara, agás nun local cerrado. Poden ser insultados pero non tocados. Ninguén pode descubrir a súa identidade.



Os veciños teñen a obriga de invitalos a viño e bica cando chaman ás súas casas ou mesmo se os sorprenden preto dun bar. O peliqueiro azouta as persoas do lugar que o insultan e provocan. Sobre todo, fustriga e ameaza, estalando o látego con forza contra o chan. "Mete medo". Esas son as súas prerrogativas. É unha autoridade, exerce un curto poder durante o tempo de Entroido.

XINZO

As **pantallas** son as máscaras de Xinzo de Limia. Disfrázanse nenos, mozos e algúns non tan mozos. O normal é saír un ou dous días durante tres ou catro horas. A pantalla é un disface enérxico e viril, pero respectuoso e elegante. Viste calzón longo e camisa ou camiseta brancos. Nas pernas unha polainas negras e na cintura unha faixa encarnada. Polo lombo cae unha capa de

seda encarnada ou negra con fitas de cores. No pescozo, un pano da cabeza de muller, atado na parte de atrás. A faixa axuda a amortecer o peso dun cinto de campaiñas e axóuxeres.

A careta é o que propiamente se chama pantalla, e cobre a cara e a cabeza. É dunha soa peza, confeccionada artesanalmente con cartón, papel de periódico e pano.

Nas mans enluvadas, as pantallas levan unha ou dúas vexigas de vaca infladas e curadas, que ao batelas entre si ou contra a man producen un estrondo característico.

Van percorrendo as rúas en grupos de tres a dez pantallas. Buscan os nativos do lugar que cometeron a ousadía de saíren á rúa sen disface. Se é muller, acósana facendo figuras diante dela e ameazándoa coas vexigas. Se é home, a

cosa varía e o ritual adquire toda a súa forza: unha vez avistado o infractor, as pantallas corren cara a el, que debe tentar fuxir refuxiándose nun dos moitos bares que hai na vila; pero se o alcanzan, as pantallas o conducirán á forza ao bar máis próximo, onde terá que pagar unha rolda de viño.

Ninguén se pode meter coas pantallas e tampouco é tradición insultalas. As pantallas diríxense a persoas coñecidas e respectan as que non se disfrazaron por gardar loito. Non falan e só emiten un ouveo de "meter medo" cando están roldando algún infractor.

VILARIÑO, VIANA E MANZANEDA

Os concellos ourensáns de Manzaneda, Viana do Bolo e Vilariño de Conso teñen un xeito similar de celebrar o entroido, caracterizado pola presenza dunhas comitivas carnavalescas chamadas **foliós**. Cada parroquia ten o seu folián, no que participa todo o pobo sen distinción de idade ou sexo. A estrutura do folián é similar nas tres zonas ás que nos referimos: está formado por dúas máscaras, chamadas **boteiros** en Viana e Vilariño e sen nome específico en Manzaneda, aos que segue o resto da aldea, levando os mozos máis fortes uns bombos de grandes dimensións feitos artesanalmente, mentres que o resto levan apeiros de labranza (gadañas, sachos, legóns,...) que fan soar con outra peza metálica. Estes instrumentistas visten uniformes máis ou menos homoxéneos e elegantes. Os foliós van tocando ininterrompidamente os tambores e os apeiros, producindo un ritmo monótono.



Os boteiros de Vilariño de Conso visten polainas de coiro, calzón cinguido á perna, de viva cor e con fitas de cores cosidas á xeito de bandas horizontais, e camisa branca cun debuxo nas costas. A máscara de forma cilíndrica e moi axustada cobre toda a cabeza; representa sempre unha cara de home con barba, patillas e bigote. Remata a máscara unha prancha de forma cuadrangular ou rectangular, totalmente decorada con bandas de cores, lisas ou colgantes. Na cintura levan unha serie de chocas, non menos de oito, prendidas dun cinto ancho de coiro e con panos da cabeza ao redor. Nas mans, cubertas con guantes brancos, levan a monca, pao pintado con dúas cores en espiral, cun cordón na punta do que pende unha bola de trapo tamén de cores.

Os boteiros son incansables que non paran de brincar, correr e moverse. Exercen ademais, a función de directores da comitiva, ordenando que deteña a marcha, que dea a volta, que pare o son ou que abra o paso, sempre sen falar, facendo unha serie de señas, como parar a brincar, facer soar as chocas ou amosar a monca en vertical ou en horizontal.

O boteiro de Viana leva unha enorme máscara de varios quilos de peso formada por unha careta negra tallada en madeira, con aberto sorriso, e unha gran figura xeométrica de remate, formada por unha estrutura de cartón e arame que se adorna artisticamente con papeis e fitas facendo debuxos multicolores. A vestimenta componse de camisa bordada con fitas de cores formando distintas figuras xeométricas e pantalón de seda, xeralmente encarnado, con flocos de cores nos laterais. O resto do atavío complementase cunha faixa con picos e borlas, un cinto con chocas ou campaiñas e unhas polainas negras. Na man levan unha monca, rematada nunha pequena bola.